

### **BASES VII CANTOS DE TABERNA 2024**

-Os grupos participantes estarán formados por un mínimo de 5 persoas e un máximo de 10, que irán acreditadas de xeito visible. A participación no concurso estará limitado a 15 grupos e/ou un máximo de 150 persoas en total.

-A inscrición é de balde e realizarase a través dos enderezos electrónicos turismo@ribadeo.gal ou no teléfono 982128689. O límite de prazo de inscrición será o de venres 10 de maio de 2024.

-Para a inscrición deberá achegar a ficha de solicitude que estará dispoñible no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no portal www.ribadeo.gal.

-O evento desenvolverase o sábado 18 de MAIO do 2024 a partir das 20:00h.

-Cada grupo percorrerá o itinerario que a organización lle marque, non podendo realizar actuacións noutros locais de hostalería que non lle fosen asignados. Os grupos deberán seguir as indicacións que o hostaleiro/a lle indique para a súa mellor ubicación dentro de cada local.

-Cada grupo disporá dun tempo de actuación determinado en cada local que lle se será indicado o día da recollida do material, dependendo do número de grupos e locais de hostalería participantes. O repertorio será de libre escolla, preferentemente con temas populares e tradicionais, incluíndo algunha obra de arraigo ribadense, que poderán variarse ao longo do percorrido.

-Cada grupo poderá achegar xunto coas voces, que serán obrigatorias, instrumentos musicais que os acompañen (acordeón, guitarra, instrumentos de vento e/ou percusión tradicional), sen que en ningún caso esta circunstancia faga aumentar o número de integrantes.

-As persoas integrantes dos grupos estarán convidadas a unha consumición básica en cada local do seu itinerario (viño corrente, cervexa, refresco ou auga), o resto deberán aboalo.

-Cada grupo disporá dun "pasaporte" que selarán en cada establecemento e que será o único medio de acreditación de ter realizado o percorrido.

-Os integrantes de todos os grupos quedarán convidados a unha cea/petiscos conxunta que se realizará o mesmo día ao remate do evento.

-A organización comunicará por correo electrónico, coa suficiente antelación, o percorrido e data para a recollida do material.

-Este evento está patrocinado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional, e Universidade, da Xunta de Galicia.

-A participación neste evento, supón a total aceptación destas bases.

## Ficha de inscripción VII CANTOS DE TABERNA (Grupos)

NOME DO GRUPO \_\_\_\_\_

NÚMERO DE COMPOÑENTES \_\_\_\_\_

PERSOA DE CONTACTO \_\_\_\_\_

EMAIL \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO \_\_\_\_\_

NOMES E APELIDOS DOS INTEGRANTES:

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_

6. \_\_\_\_\_

7. \_\_\_\_\_

8. \_\_\_\_\_

9. \_\_\_\_\_

10. \_\_\_\_\_

Ribadeo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2024.

A persoa representante,

Asdo.:

**Ficha de inscripción VII CANTOS DE TABERNA (establecimientos)****(A CUBRIR EN MAIUSCULAS)**

Nome do establecemento: \_\_\_\_\_

Nome e Apelidos: \_\_\_\_\_

D.N.I. / N.I.F.: \_\_\_\_\_

Enderezo do Local: \_\_\_\_\_

Teléfono/s establecemento: \_\_\_\_\_

Teléfono 2: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Participa na VII edición de Cantos de Taberna (si/non):

En Ribadeo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2024

Selo e sinatura

**A/A do Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo.****INFORMACIÓN:****Tel: 982 128 689****e-mail: turismo@ribadeo.gal**